



REGULAMENTO XIII CIRCUÍTO DE CARREIRAS POPULARES DE OURENSE

CORRENDO POR OURENSE 2025

Un dos obxectivos do Consello Municipal de Deportes de Ourense é organizar manifestacións deportivas no municipio, especialmente as de carácter popular.

O CMD organiza o XIII Circuito de Carreiras Populares de Ourense “**Correndo por Ourense**” integrado por 7 carreiras en diferentes localizacións do Concello de Ourense.

INSCRICIÓN

- ◆ As inscricións realizaranse na páxina web **correndoporourense.com** ou **ccnorte.com** facendo constar todos os datos requiridos no procedemento de inscrición, o que dará dereito á cobertura dos seguros de RC e de accidentes.
- ◆ O **prazo** para inscribirse no Circuito comeza o día 1 de abril e remata o mércores anterior a cada carreira, volvéndose abrir o luns seguinte a cada proba. A **data límite** para inscribirse no Circuito é o 4 de xuño de 2025, a data de peche da carreira do Centro-Corpus.
- ◆ CATEGORÍAS SUB20, SUB23, SENIOR E MÁSTER
 - A inscrición para todo o **Circuíto** ten un custe de **15€** (7 carreiras).
 - Para participar no circuíto é obrigatorio o uso do chip amarelo. Poderán alugar un chip para este Circuito ou mercalo para sempre por un prezo de 15€. A persoa que o devolva na última carreira do Circuito ou no Pavillón dos Remedios ata o día 31 de outubro de 2025, recuperará 8€.
 - En caso de querer participar en **carreiras soltas** o prezo será de **5€** por carreira para propietarios/as de chip amarelo, mentres que os/as que non teñan chip propio terán que abonar 1€ de aluguer do chip por cada carreira, tendo que devolvelo ao remate da proba.
 - Unha vez realizada a inscrición non se devolverá o seu importe.
- ◆ CATEGORÍAS SUB10, SUB12, SUB14, SUB16 E SUB18
 - Inscrición gratuíta.
 - Terán que abonar unha fianza de 5€ polo chip, que recuperarán as persoas que entreguen o chip na última carreira do Circuito ou no Pavillón dos Remedios ata o día 31 de outubro de 2025.



◆ CATEGORÍA PITUFOS:

- Inscripción gratuíta.
 - Non hai clasificación do Circuito para esta categoría.
 - Todos os participantes que cheguen a meta recibirán unha medalla en cada carreira. Poderanse facer varias quendas de saída, a criterio da Organización, para un mellor desenvolvemento da chegada á meta, a entrega de medallas e a seguridade dos cativos.
 - Corren sen chip pero deben recoller o dorsal, tal e como se indica a continuación.
- ◆ A inscrición e o dorsal son **únicos para todo o Circuito**, polo tanto, os/as atletas inscritos/as nalgunha carreira do Circuito quedan automaticamente inscritos/as para todas as restantes e deben conservar o dorsal en boas condicións.
- ◆ É obrigatorio levar o chip na zapatilla e o dorsal ben visible no peito.
- ◆ No caso de que o/a corredor/a perda o dorsal, terá que solicitar outro enviando un correo a consulta@championchipnorte.com, pagando unha penalización de 1€.
- ◆ A **recollida presencial** dos dorsais e chips realizarase o 26 de abril de 2025, no Pavillón dos Remedios, de 10:00h. a 20:00h. Con carácter extraordinario poderase recoller na primeira carreira na que participe unha hora antes de que empece a primeira proba.
- ◆ O control das inscricións, dorsais, chips, resultados e secretaría será realizado por procedementos automatizados.
- ◆ Gravarase a chegada para solventar calquera reclamación.
- ◆ Todos/as os/as participantes coa súa inscrición aceptan integramente o presente regulamento e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.
- ◆ A Organización non se fai responsable das consecuencias que deriven dunha inscrición defectuosa e/ou errónea por parte do/a corredor/a ou persoa na que delegue.
- ◆ É imprescindible estar inscrito/a para ter cobertura dos seguros de RC e de accidentes deportivos.
- ◆ LOPD: Todos/as os/as corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Así mesmo autorizan á gravación e realización de fotografías e vídeos para a difusión da proba e publicidade por parte da organización e da Federación Galega de Atletismo.



DATAS, HORARIOS E PERCORRIDOS

CARREIRA DO VINTEÚN DOMINGO 27/04/2025	11,00h: Pitufos 11,05h: SUB10, SUB12 11,15h: SUB14, SUB16 11,30h: SUB18,SUB20,SUB23, Senior e Máster	Rúa Madre Soledad, av. de Santiago, rúa do Vinteún, rúa Río Corzos, rúa Río Mao, rúa Río Cobas, rúa Río Camba, av. Santiago, rúa do Vinteún, rúa Río Corzos, rúa Madre Soledad.
CARREIRA DO COUTO SÁBADO 24/05/2025	22,00h: Pitufos 22,05h: SUB10, SUB12 22,15h: SUB14, SUB16 22,30h: SUB18,SUB20,SUB23, Senior e Máster	Rúa Dalí, rúa Ervedelo, rúa Juan de Angés, rúa Remedios, rotonda cara Antonio Puga, rúa Ervedelo, rúa Juan de Angés, rúa Remedios, rúa Dalí.
CARREIRA DO CENTRO SÁBADO 07/06/2025	22,00h: Pitufos 22,05h: SUB10, SUB12 22,15h: SUB14, SUB16 22,30h: SUB18,SUB20,SUB23, Senior e Máster	Rúa do Paseo, rúa Concello, rúa Xoán XXIII, rúa Progreso, av. de Pontevedra, rúa Lamas Carvajal, rúa do Paseo.
TRAIL OIRA-SAN TOMÉ DOMINGO 29/06/2025	10,00h: Pitufos 10,05h: SUB10, SUB12 10,15h: SUB14, SUB16 10,30h: SUB18,SUB20,SUB23, Senior e Máster	Oira, pasarela Oira, pasarela Río Lonia, parque Lonia, Ponte da Lonia, senda fluvial, IES de Mende, Vereá Vella, San Tomé e volta a Oira polo mesmo itinerario.
CARREIRA DE MARIÑAMANSA DOMINGO 07/09/2025	11,00h: Pitufos 11,05h: SUB10, SUB12 11,15h: SUB14, SUB16 11,30h: SUB18,SUB20,SUB23, Senior e Máster	Rúa Xoán Manuel Pintos, av. do Regato, rotonda, av. De Zamora, rotonda, carretera de San Ciprián, esplanada a Paco Paz, vereda Papón-Farixa, rúa do Papón, rúa Ermida, rúa Xoán Manuel Pintos
CARREIRA DA PONTE DOMINGO 28/09/2025	11,00h: Pitufos 11,05h: SUB10, SUB12 11,15h: SUB14, SUB16 11,30h: SUB18,SUB20,SUB23, Senior e Máster	Rúa Francisca Herrera (12 de Outubro), av. de Santiago, rúa Basilio Álvarez (ida e volta), av. das Caldas, rúa J. Antonio Moretón, rúa Ribeiriño, av. das Caldas, rúa Mercado, rúa Rosalía de Castro, rúa Vicente Risco (ata a rotonda e volta ata a meta).
CARREIRA DA CARBALLEIRA DOMINGO 19/10/2025	11,00h: Pitufos 11,05h: SUB10, SUB12 11,15h: SUB14, SUB16 11,30h: SUB18,SUB20,SUB23, Senior e Máster	Praza da Lexión, rúa Castelo Ramiro, rúa Hórreo, rúa Paspallás, rúa Salto do Can, rúa Rula, rúa Castelo Ramiro, Praza da Lexión.

- ◆ Por cuestións organizativas pode variar algunha destas datas, de ser o caso, informárase a todas as persoas participantes o antes posible.



- ◆ Os percorridos por categorías están especificados na información gráfica do Circuito, pero **por necesidades organizativas e/ou de seguridade cidadá poden ser modificados.**
- ◆ Ao longo do percorrido, a Organización poderá establecer tantos controis como estime oportunos.
- ◆ Establécese un **tempo de corte** (peche do circuito) de 60 minutos desde que se dé a saída.
- ◆ É obrigatorio seguir a sinalización e as indicacións marcadas pola Organización.
- ◆ O avituallamento estará situado na meta.

PARTICIPANTES

As categorías son as seguintes:

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO
PITUFOS	Nados/as en 2018 e posteriores
SUB10	Nados/as en 2016-2017
SUB12	Nados/as en 2014-2015
SUB14	Nados/as en 2012-2013
SUB16	Nados/as en 2010-2011
SUB18	Nados/as en 2008-2009
SUB20	Nados/as en 2006-2007
SUB23	Nados/as en 2003-2005
SENIOR	Nados/as en 2002 ata máster
MÁSTER A	De 35 a 44 anos
MÁSTER B	De 45 a 54 anos
MÁSTER C	De 55 a 64 anos
MÁSTER D	Maiores de 65
ABSOLUTA	2006 e anteriores

- ◆ Para que os Máster non varíen de categoría ao longo do Circuito establécese a data da primeira carreira do Circuito para o cálculo das idades.
- ◆ Nestes eventos deportivos poden participar atletas federados e non federados.

CLASIFICACIÓN

- Para entrar na clasificación xeral será preciso que os/as atletas participen en 5 carreiras. No caso de participar en todas, desestimaranse os peores resultados.
- A puntuación en cada carreira correspóndese co posto alcanzado na clasificación xeral (diferenciada entre homes e mulleres), de maneira que os/as que teñan menos puntos serán os/as primeiros/as clasificados/as.



- No caso de empate resolverase coa suma de postos na clasificación xeral, resultando gañador ou gañadora o/a que menos puntuación obtivera. De persistir o empate será a Organización quen decida o criterio para resolvelo.
- Clasificación por equipos absolutos:
 - 1º.- Os equipos serán mixtos, de 5 membros (a lo menos incluírán unha muller) puntuando en cada carreira os membros de cada equipo co posto alcanzado na clasificación xeral (diferenciada entre homes e mulleres), de maneira que os/as que teñan menos puntos serán os/as primeiros/as clasificados/as.
 - 2º.- Para optar á clasificación final os membros de cada equipo deberán puntuar en, a lo menos, a metade das carreiras do Circuito.
 - 3º.- O prazo para a configuración dos equipos remata co peche da segunda carreira pero recuperarase os resultados dende a primeira carreira do Circuito.
 - 4º.- No caso de empate resolverase coa suma de postos na clasificación xeral, resultando gañador o equipo que menos puntuación obtivera. De persistir o empate será a Organización a que decida o criterio para resolvelo.
 - 5º.- Enlace de axuda de cómo crear os equipos: <https://ccnorte.com/ayuda/formar-equipos>

PREMIOS

- Trofeo aos tres primeiros e primeiras clasificadas en cada categoría.
- Clasificación **Xeral Individual**:
 - Trofeo e 300€ en material deportivo ao 1º/1ª clasificado/a.
 - Trofeo e 200€ en material deportivo ao 2º/2ª clasificado/a.
 - Trofeo e 100€ en material deportivo ao 3º/3ª clasificado/a.
- Clasificación por equipos absolutos: 120€ ao 1º equipo mixto.
- Todas as persoas que estean na Clasificación Xeral por participar en 5 carreiras recibirán unha mochila.
- A **entrega de trofeos** (19h) e **agasallos** (de 10h a 20h) efectuarase o sábado anterior á Carreira do San Martiño no lugar anunciado con antelación suficiente.
- Para poder recoller os premios e os trofeos deberase xustificar documentalmente o ano de nacemento dos/das atletas por medio de DNI ou documento legal en vigor.
- Todos os trofeos que non se recollan o día da entrega oficial estarán os 8 días seguintes a disposición dos corredores na sede do Organizador. A partir desa data enténdese que se renuncia a eles.



RESPONSABILIDADE

- Todas as persoas inscritas estarán amparadas por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, abandono do itinerario establecido, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos nos desprazamentos ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: certifico que estou en bo estado físico, eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores.
- A Organización contará con servizos médicos a disposición dos/as corredores/as e coa colaboración da Policía Local de Ourense e de Protección Civil nos puntos máis estratéxicos do percorrido.
- Todos/as os/as inscritos participan voluntariamente baixo a súa responsabilidade e admiten gozar dun nivel de condición física suficiente para afrontar esta carreira. É recomendable someterse a un recoñecemento médico previo coa fin de minimizar os riscos que entraña a realización de actividade física.
- Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

DESCUALIFICACIÓN

Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos:

- Non seguir a sinalización específica da carreira (vallas, cintas...) ou as directrices do persoal que intervéñen na Organización, que irá debidamente identificado.
- Non completar todo o percorrido ou non pasar os controis.
- Non levar dorsal ou manipulalo.
- Falsificar datos persoais ou a suplantación da identidade, dorsal e chip son persoais e intransferibles.
- Cando continuar a participación supoña un risco para a súa propia seguridade, para outros atletas ou para o desenvolvemento da proba. Nestas circunstancias, os servizos médicos e/ou o/a xuíz/a árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.
- Calquera outra circunstancia non prevista no presente regulamento pero que a Organización considere que é motivo de descualificación.



RECLAMACIÓN

As reclamacións resolveranse en consulta@championchipnorte.com

O presente Regulamento pode ser modificado para a súa mellora por parte da Organización.

Nota: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.

